

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 10 DE MARZO DE 2021

Lista de asistentes

Presidenta, decana , coordinadora de calidade e coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade

Reboreda Morillo, Susana

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

Coordinadora de Grao

Vaquero Díaz, Beatriz

Membros da sociedade

Díaz Naya, Rosa María

Garrido Labrador, Begoña

López López, Marta

Bolseiro de colaboración do centro

Lozano Ramírez, Amado Tierra

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa (colaboradora de calidade)

Desculpan ausencia

Coordinador do Mestrado en Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural

Pérez Losada, Fermín

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Comendador Rey, Beatriz P

López Díaz, María

A comisión realízase de xeito virtual, mediante o Campus Remoto na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros da Comisión de Calidade que figuran á marxe, o mércores 10 de marzo de 2021, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 3 de febreiro de 2021.
2. Informe da presidenta.
3. Validación, se procede, da prórroga ou revisión do plan de actuación de liñas estratéxicas.
4. Validación, se procede, do procedemento dos servizos contratados para o curso 2020/21.
5. Validación, se procede, do procedemento de servizos permanentes para o curso 2020/21.
6. Validación, se procede, do novo procedemento de orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo.
7. Validación, se procede, da guía do PAT.
8. Validación, se procede, da política e obxectivos de calidade para o curso 2020/2021.
9. Validación, se procede, do informe de revisión pola dirección, do curso 2019/2020.
10. Rolda de intervencións.

A decana da lectura aos nomes dos membros da Comisión de Calidade que desculpan a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 3 de febreiro de 2021.

Apróbase a acta por asentimento.

2.- Informe da presidenta.

Comeza o seu informe informando dos seguintes aspectos:

- Comezaron as clases presenciais coa mesma dinámica que no primeiro cuatrimestre, e sen novidade.
- Non hai nada máis que comentar. As persoas que teñan preguntas sobre temas concretos, poden formularlas.

Non se realizan máis aportacións por parte dos membros presentes e pásase ao seguinte punto da orde do día.

3.- Validación, se procede, da prórroga ou revisión do plan de actuación de liñas estratéxicas.

Dado que non había plan estratéxico da Universidade de Vigo, aprobado recentemente, desde a Facultade de Historia decidiuse no ano 2018 redactar un documento indicando cales serían as liñas estratéxicas do centro. Este documento foi validado por esta comisión e aprobado na Xunta de Facultade e reunía os principais proxectos do equipo decanal, cunha vixencia ata o fin do seu mandato. Nestes momentos nos que está como decana comisaria, non lle parece oportuno elaborar un documento de propostas novo, polo que propón actualizar o vixente e prologalo ata o fin do mandato. Nesta actualización non se cambia nada do contido en relación á calidade, simplemente ponse ao día a información relativa ao centro.

Realizadas estas aclaracións, válidase o informe por asentimento.

4.- Validación, se procede, do procedemento dos servizos contratados para o curso 2020/21.

Este punto e o seguinte dependen da xestión da administradora de campus que, a súa vez, delega no xefe de equipo. Solicitouse en varias ocasións a Área de Calidade que este procedemento deixara de ser validado polo centro porque a non hai ningunha capacidade de manobra. Propón que se mande un novo escrito á Área de Calidade insistindo nese tema.

Realizadas as aclaracións, válidase o informe por asentimento.

5.- Validación, se procede, do procedemento de servizos permanentes para o curso 2020/21.

Realizadas as aclaracións no punto anterior, válidase o informe por asentimento.

6.- Validación, se procede, do novo procedemento de orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo.

O principal cambio deste novo procedemento refírese a incorporación do alumnado PIUNE ao PAT. Enténdese que no propio plan de actuación do alumnado débese contemplar os requisitos especiais de atención que precisa determinado alumnado que se acolle ao programa PIUNE. Este procedemento foi recentemente aprobado na Comisión de Calidade da Universidade de Vigo. Solicítase a súa validación por esta comisión.

Valídase o procedemento por asentimento.

7.- Validación, se procede, da guía do PAT.

Este documento é un anexo ao procedemento anterior, e como tal, debe ser validado.

Valídase o procedemento por asentimento.

8.- Validación, se procede, da política e obxectivos de calidade para o curso 2020/2021.

A meta de cada ítem que se inclúe no rexistro da política e obxectivos de calidade do centro, debe ser actualizada en función do dato real alcanzado no curso. As previsións que se inclúen neste documento están derivadas do Informe de Revisión pola Dirección, sempre cunha mirada optimista cara a mellora.

Valídase o procedemento por asentimento.

9.- Validación, se procede, do informe de revisión pola dirección, do curso 2019/2020.

A decana comenta que está satisfeita co resultado do rexistro que presenta para a súa aprobación, por entender que lle parece unha análise/reflexión realista do curso 2019/2020, eliminando aspectos reiterativos e abordando os máis novidosos. Así, reconece que investiu moitas horas, pero que este esforzo chegou a bo resultado.

Mostra a súa satisfacción polas moitas achegas, que se foron incorporando ao texto, e que demostran que foi un documento lido e analizado. Agradece as propostas realizadas por Beatriz Comendador, María López e Beatriz Vaquero. Onte completouse o IRD coas gráficas do mestrado que remitiu a administrativa Josefa R. Bouzas, cuxa axuda foi fundamental no proceso de elaboración. Neste documento se inclúen as suxestións feitas ao anterior informe pola Área de Calidade no proceso voluntario de revisión interna. O

máis salientable é unha referencia breve e global ao Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade que se realiza conxuntamente coa USC e a UDC e que coordina a USC.

Valídase o informe por asentimento.

10.- Rolda de intervencións.

Non se presentan.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.35 horas do día 10 de marzo de 2021, da que eu como secretaria dou fe, co visto e prace da decana.

A decana
Asinado dixitalmente
Susana Reboreda Morillo

A secretaria
Asinado dixitalmente
Josefina Cadilla Lomba